

NOTA EMBARGADA ATÉ ÁS 20.45 H

## Un total de 15 espectáculos competirán como finalistas nos XXVII Premios de Teatro María Casares

*Os espectáculos 'Ás oito da tarde, cando morren as nais', do Centro Dramático Galego (CDG), e 'As que limpan', de A Panadaría, acaparan nove finalistas cada un. Pola súa banda 'Smoke on the water', de Ibuprofeno Teatro, e 'O Porco de pé', de Producións Teatráis Excéntricas, contan con seis finalistas*

*'Continente María', de Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante, é finalistas en cinco categorías e 'O Deus do pop', de Diego Anido, en catro, igual que 'A peste', do CDG*

*'As que limpan', 'O Deus do pop' e 'O porco de pé' compiten como finalistas no apartado de mellor espectáculo. Na categoría de espectáculo infantil, as finalistas son 'Wombo combo', de Galeatro; 'Ninja', de Teatro Ghazafellos e 'A nena que vivía nunha caixa de mistos', de Caramuxo Teatro*

Santiago, 1 de marzo de 2023-. Un total de 15 espectáculos competirán en calidade de finalistas por facerse con algún dos 16 galardóns que se entregarán durante a gala dos XXVII Premios de Teatro María Casares, que este ano se celebrará o 30 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Así se deu a coñecer esta tarde en Santiago durante a tradicional Festa de Finalistas que tivo lugar na Cafetería Lasso do Auditorio de Galicia. O acto, que foi conducido pola actriz Arantxa Treus, contou coa asistencia de Jacobo Sutil, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic); Xurxo Couto, deputado de Cultura da Deputación da Coruña; o concelleiro de Educación do Concello da Coruña, Jesús Celemín, e Lidia Costa e Fátima Sieira, representantes de AISGE, que participaron no evento en calidade de representantes das institucións que patrocinan os galardóns do noso teatro, organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

O espectáculo **Ás oito da tarde, cando morren as nais**, do Centro Dramático Galego, acadou nove finalistas (dirección, dirección de movemento, actriz secundaria, actor secundario por partida dupla, espazo escénico, iluminación, texto orixinal e vestiario), igual que a obra **As que limpan**, da compañía A Panadaría (espectáculo, dirección, dirección de movemento, actriz protagonista, actriz secundaria por partida dupla, espazo sonoro, maquillaxe e texto orixinal).

Con seis finalistas atópanse **Smoke on the water**, de Ibuprofeno Teatro (actor protagonista, actriz protagonista, actor secundario, espazo escénico, espazo sonoro,

maquillaxe) e **O porco de pé**, de Producións Teatrais Excéntricas (espectáculo, adaptación-tradución, actriz protagonista, actor protagonista, actor secundario e vestuario).

**Continente María**, de Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante, opta a cinco Premios María Casares (dirección, texto orixinal, actriz protagonista, espazo sonoro e iluminación), mentres que **O Deus do Pop**, de Diego Anido, aspira a catro galardóns (espectáculo, actor protagonista, dirección de movemento e iluminación). Por idéntico número de premios compite **A peste**, do Centro Dramático Galego (adaptación-tradución, actriz secundaria, espazo escénico e vestuario).

**Ragazzo**, da compañía Barrosanta, aspira a dous galardóns (actor protagonista e adaptación-tradución). Por un premio pelexarán **Papagena**, de Butacazero (maquillaxe); e **Ninja**, de Teatro Ghazafellos; **Wombo combo**, de Galeatro, e **A nena que vivía nunha caixa de mistos**, de Caramuxo Teatro. Estas tres pezas competirán unicamente polo premio ao mellor espectáculo infantil.

Polo premio de nova creación para os espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas competirán tres montaxes que tamén son finalistas unicamente nesta categoría: **A barca do inferno**, de Nauta Teatro; **Raio The Loubican**, de micromina, e **Xela contra o Dragón Traga-verbas** (Títeres Cachirulo).

Estes 15 espectáculos competirán así na gala dos Premios de Teatro María Casares, que este ano se celebrará no Teatro Rosalía Castro da Coruña o 30 de marzo. Os galardóns están organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e contan habitualmente co apoio e o patrocinio de institucións e entidades como a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, o Padroado de Cultura do Concello de Narón, a Fundación AISGE ou Gadis.

#### Relación de finalistas por montaxes

1. **Ás oito da tarde, cando morren as nais, do Centro Dramático Galego (9 finalistas):** dirección (Marta Pazos), dirección de movemento (Rut Balbís), actor secundario (Toni Salgado), actor secundario (Xosé Manuel Esperante), actriz secundaria (Camila Bossa), espazo escénico (Blanca Añón), texto orixinal (Avelina Pérez), vestuario (Pier Paolo Álvaro) e iluminación (Nuno Meira).
2. **As que limpan, de A Panadaría (9 finalistas):** espectáculo, dirección (Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman), dirección de movemento (Clara Ferrão), actriz protagonista (Noelia Castro), actriz secundaria (Areta Bolado), actriz secundaria (Ailén Kendelman), espazo sonoro (Ailén Kendelman),

- maquillaxe (Esther Quintas) e texto orixinal (Ailén Kendelman, Areta Bolado e Noelia Castro)
3. ***Smoke on the water*, de Ibuprofeno Teatro (6 finalistas):** actor protagonista (Josito Porto), actriz protagonista (Belén Constenla), actor secundario (Adrián Ríos), espazo escénico (Pablo Giráldez 'O Pastor'), espazo sonoro (Mon Orencio) e maquillaxe (Baia Fernández).
  4. ***O porco de pé*, de Producións Teatrais Excéntricas (6 finalistas):** espectáculo, adaptación-tradución (Quico Cadaval e Pepe Sendón), actriz protagonista (Patricia Vázquez), actor protagonista (Víctor Mosqueira), actor secundario (Evaristo Calvo) e vestuario (Carlos Alonso).
  5. ***Continente María*, de Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante (5 finalistas):** dirección (Tito Asorey), actriz protagonista (Melania Cruz), espazo sonoro (Vadim Yuxhnevich), texto orixinal (Marianella Morena e Tito Asorey) e iluminación (Laura Iturralde).
  6. ***A Peste*, do CDG (4 finalistas):** adaptación-tradución (Cándido Pazó), actriz secundaria (María Roja), espazo escénico (Dani Trillo) e vestuario (Martina Cambeiro)
  7. ***O Deus do Pop*, de Diego Anido (4 finalistas):** espectáculo, actor protagonista (Diego Anido), dirección de movemento (Guillermo Weickret e Diego Anido) e iluminación (Montse Piñeiro, Raquel Hernández e Pedro Fresneda)
  8. ***Ragazzo*, de Barrosanta (2 finalistas):** adaptación-tradución (Lali Álvarez, Xavier Castiñeira e Anxo Outumuro) e actor protagonista (Anxo Outumuro).
  9. ***Papagena*, de ButacaZero (1 finalista):** maquillaxe (Diego Valeiras)
  10. ***Wombo Combo*, de Galeatro (1 finalista):** espectáculo infantil
  11. ***Ninja*, de Teatro Ghazafelhos (1 finalista):** espectáculo infantil
  12. ***A nena que vivía nunha caixa de mistos*, de Caramuxo Teatro (1 finalista)** espectáculo infantil
  13. ***A barca do inferno*, de Nauta Teatro (1 finalista):** espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas
  14. ***Raio The Loubican*, de micromina (1 finalista):** espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas

**15. Xela e o Dragón Traga-Verbas, de Titeres Cachirulo (1 finalista):** espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas

**FINALISTAS POR CATEGORÍAS**

Mellor Maquillaxe		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Baia Fernández	Smoke on the water	Ibuprofeno Teatro
Diego Valeiras	Papagena	ButacaZero
Esther Quintas	As que limpan	A Panadaría

Mellor Vestiario		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Carlos Alonso	O Porco de pé	Producións Teatrais Excéntricas
Martina Cambeiro	A Peste	Centro Dramático Galego
Pier Paolo Álvaro	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego

Mellor Espazo escénico		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Blanca Añón	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego
Dani Trillo	A Peste	Centro Dramático Galego
Pablo Giráldez 'O Pastor'	Smoke on the water	Ibuprofeno Teatro

Mellor Iluminación		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Laura Iturralde	Continente María	Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante
Montse Piñeiro, Raquel Hernández e Pedro Fresneda	O Deus do pop	Diego Anido
Nuno Meira	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego

Mellor Espazo sonoro		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Ailén Kendelman	As que limpan	A Panadaría
Mon Orencio	Smoke on the water	Ibuprofeno Teatro
Vadim Yuhnevich	Continente María	Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante

Mellor Adaptación/Tradución		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Cándido Pazó	A Peste	Centro Dramático Galego
Lali Álvarez, Xavier Castiñeira e Anxo Outumuro	Ragazzo	Barrosanta
Quico Cadaval e Pepe Sendón	O Porco de pé	Producións Teatrais Excéntricas

Mellor Texto Orixinal		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman	As que limpan	A Panadaría
Avelina Pérez	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego
Marianella Morena e Tito Asorey	Continente María	Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante

Mellor Actriz Secundaria		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Ailén Kendelman	As que limpan	A Panadaría
Areta Bolado	As que limpan	A Panadaría
Camila Bossa	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego
María Roja	A Peste	Centro Dramático Galego

Mellor Actor Secundario		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Adrián Ríos	Smoke on the water	Ibuprofeno Teatro
Evaristo Calvo	O Porco de pé	Producións Teatrais Excéntricas
Toni Salgado	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego
Xosé Manuel Esperante	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego

Mellor Actriz Protagonista		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Belén Constenla	Smoke on the water	Ibuprofeno Teatro
Melania Cruz	Continente María	Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante
Noelia Castro	As que limpan	A Panadaría
Patricia Vázquez	O Porco de pé	Producións Teatrais Excéntricas

Mellor Actor Protagonista		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Anxo Outumuro	Ragazzo	Barrosanta
Diego Anido	O Deus do pop	Diego Anido
Josito Porto	Smoke on the water	Ibuprofeno Teatro
Víctor Mosqueira	O Porco de pé	Producións Teatrais Excéntricas

Mellor Dirección de movemento		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Clara Ferrão	As que limpan	A Panadaría
Guillermo Weickret e Diego Anido	O Deus do pop	Diego Anido
Rut Balbís	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego

Mellor Dirección		
candidatura finalista	espectáculo	compañía
Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman	As que limpan	A Panadaría
Marta Pazos	Ás oito da tarde, cando morren as nais	Centro Dramático Galego
Tito Asorey	Continente María	Ainé Producións e A Quinta do Cuadrante

Mellor Espectáculo Infantil		
	espectáculo	compañía
	A nena que vivía nunha caixa de mistos	Caramuxo Teatro
	Ninja	Teatro Ghazafellos
	Wombo Combo	Galeatro

Mellor Espectáculo de monicreques, obxectos e figuras animadas		
	espectáculo	compañía
	A Barca Do Inferno	Nauta Teatro
	Raio the Loubican	mircromina

	Xela contra o Dragón Tragaverbas	Títeres Cachirulo
--	-------------------------------------	-------------------

Mellor Espectáculo	espectáculo	compañía
	As que limpan	A Panadaría
	O Deus do pop	Diego Anido
	O Porco de pé	Producións Teatrais Excéntricas